

ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
O DÍA 13/10/2025
(Extracto en <https://sede.vilagarcia.gal> - transparencia)

PRESIDE

TANIA GARCÍA SANMARTÍN

CONCELLEIROS/AS

Lista de asistentes

CARLOS COIRA LOJO

DIEGO GARCIA SANTIAGO

JOSE MARIA GONZALEZ ARAUJO

LUZ MARIA ABALO PÉREZ

PAOLA MARIA MOCHALES

SONIA OUTÓN CASAL

Lista de non asistentes

ALBERTO VARELA PAZ

SECRETARIA

MARIA ROSA LOSADA SUAREZ

INTERVENTOR

JULIO FONTAÍÑA COUSO

Na Casa do Concello de Vilagarcía de Arousa, ás 10:30 horas do día 13/10/2025 reuníronse no Sala de reunións, previa a oportuna citación e en primeira convocatoria, as/os señoras/es membros da Xunta de Goberno Local que á marxe se relacionan, co obxecto de levar a efecto sesión .

Desculpada a ausencia dos concelleiros indicados, e comprobada a existencia de quórum suficiente, queda constituída a sesión e pasan a tratarse os asuntos incluídos na orde do día.

NÚMERO 1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.- A Presidencia abriu o acto, e pola súa orde deuse conta da acta da sesión anterior, de data 06 de outubro de 2025, que se aprobou por unanimidade.

RÉXIME INTERIOR

PRP2025/3911

Dáse conta do escrito presentado por Asociación Centro Cultural e Deportivo Sixto, solicitando autorización para celebrar unha comida de confraternidade e unha foliada con música o día 18 de outubro de 2025, ata a 01:30 horas, na sede social da Entidade.

Visto o informe da Policía Local acordase acceder ao solicitado, debendo axustarse ás seguintes condicións:

- Deberá aportar póliza de seguros de responsabilidade civil e accidentes para a citada actividade.
- Deberá obedecelo disposto na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súas emisións sonoras ós límites establecidos na mesma.
- Durante o desenvolvemento da actividade o solicitante deberá responsabilizarse da limpeza do espazo público que ocupe, e unha vez remate deixará a zona nas condicións de limpeza anteriores ó inicio da actividade.
- A ocupación de vía pública para diferentes actividades está gravada con prezo público, polo que si corresponde deberá abonalo no negociado de Rendas.

PRP2025/3912

Dáse conta do escrito presentado por Pirotecnia Penide SL comunicando que ten contratado un servizo pirotécnico para os días 3, 4 e 5 de outubro de 2025, con motivo da celebración das Festas do Rosario en Vilaxoán.

Vista a documentación aportada e o informe da Policía Local, a Xunta de Goberno Local queda sabedora.

PRP2025/3914

Dáse conta de informe do Arquitecto Municipal, no que se indica:

Que o pasado 17-09-2024 rexistrouse entrada dun escrito do Instituto Galego da Vivenda e Solo

da Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas, notificando a resolución de peche e liquidación do financiamento previsto no acordo asinado o 26 de outubro de 2017 no seo da Comisión Bilateral, que afecta a ARI de Vilaxoán (8ª fase), ARI de Carril (8ª fase) e ARI Casco Vello de Vilagarcía (5ª fase).

ANTECEDENTES:

O 11 de xuño de 2024 comunicóuselle a este concello o peche das actuacións do Plan Estatal de Fomento do Alugamento de Vivendas, a Rehabilitación Edificatoria, e a Rexeneración e Renovación Urbanas, 2013-2016. Na mesma comunicación incluíase o estado dos saldos resultantes, referidos ás actuacións tramitadas e aos pagamentos realizados, a cargo do Ministerio de Fomento (actualmente Ministerio de Vivenda e Axenda Urbana) e da Xunta de Galicia-IGVS e dábase trámite de audiencia sen que o Concello de Vilagarcía presentara ningunha alegación.

Consonte a notificación de 17 de setembro de 2024 o Concello deberá devolver as achegas non utilizadas nos expedientes, do Ministerio e do IGVS que se detallan a seguir:

ARRU Núcleo de Vilaxoán (8ª fase):

- A favor do Ministerio por importe de 50.456,33 euros.
- A favor da Xunta de Galicia- IGVS por importe de 22.014,29 euros.

ARRU Núcleo de Carril (8ª fase):

- A favor do Ministerio por importe de 45.851,33 euros.
- A favor da Xunta de Galicia- IGVS por importe de 20.698,60 euros.

ARRU Casco Vello de Vilagarcía de Arousa (5ª fase)

- A favor do Ministerio por importe de 54.510,00 euros.
- A favor da Xunta de Galicia- IGVS por importe de 23.172,48 euros.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda aprobar o reintegro das cantidades citadas ao Ministerio de Vivenda e Axenda Urbana e á Xunta de Galicia-IGVS.

PRP2025/3917

Dáse conta de solicitude con número de rexistro WEB2025007925 (RE-658/25), de data 24/09/2025, presentada por CONSELLO REGULADOR MEXILON DE GALICIA, na que se expon a necesidade da creación dunha reserva de estacionamento na fronte do seu edificio para que os seus asociados poidan realizar diversas xestións na súa sede

Visto o informe favorable da Policía Local, a Xunta de Goberno Local acorda autorizar a creación desta reserva que ocuparía todo o frontal do edificio, sendo delimitada polas marcas viarias correspondentes e sinalización vertical nos seus dous extremos (Prohibición de parar e estacionar R 307), que inclúa a lenda de " DE 08:00 A 16:00 H. AGÁS AUTORIZADOS MEXILÓN DE GALICIA", debendo axustarse ao establecido no artigo 59 da vixente Ordenanza de circulación de Vilagarcía de Arousa.

PRP2025/3920

Dáse conta de escrito presentado por Dona María Cristina Padín Cobas, titular do establecemento "CARAMUXOS" situado en Praza Liberdade, 1 – 36610 Carril (Vilagarcía de Arousa). no que indica que debido ás tarefas de carga e descarga derivadas do desenvolvemento da actividade necesita unha Reserva de Carga e Descarga en Praza da Liberdade - Carril.

Visto o informe da Policía Local, no que se indica que existe unha reserva de carga e descarga para ese efecto na confluencia de Rúa Mariña con Alameda, en Carril, considerando que sería conveniente a creación dunha nova en Praza da Liberdade.

A Xunta de Goberno Local acorda remitir a solicitude ao organismo Portos de Galicia, por ser o titular dos terreos nos que solicita a zona de carga e descarga.

PRP2025/3924

Dáse conta do escrito presentado por Dona Ana Jurjo Costa, en nome do Centro de Saúde San Roque, solicitando autorización para ocupación de vía pública na Praza de Galicia para colocación dunha mesa de información sanitario sobre a diabetes mellitus, o día 14 de outubro de 2025.

Visto o informe da Policía Local acordase acceder ao solicitado, debendo axustarse ás seguintes

condicións:

- Deberá terse en conta que a instalación non impida o uso do mobiliario urbano nin o paso de peóns.
- Deberá aportar póliza de seguros de responsabilidade civil e accidentes para a citada actividade.
- Deberá obedecelo disposto na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súas emisión sonoras ós límites establecidos na mesma.
- Durante o desenvolvemento da actividade o solicitante deberá responsabilizarse da limpeza do espazo público que ocupe, e unha vez remate deixará a zona nas condicións de limpeza anteriores ó inicio da actividade.
- A ocupación de vía pública para diferentes actividades está gravada con prezo público, polo que si corresponde deberá abonalo no negociado de Rendas.

PRP2025/3930

Dáse conta do escrito presentado por Pirotecnia Penide SL comunicando que ten contratado un servizo pirotécnico para o día 7 de outubro de 2025, con motivo da celebración dunha Festa en Vilaxoán.

Vista a documentación aportada e o informe da Policía Local, a Xunta de Goberno Local queda sabedora.

PRP2025/3934

Dáse conta do escrito presentado por Dona Ana Isabel Abalo Cespón, en representación de Asociación Veciñal e Cultural O Souto de Rubiáns, solicitando autorización para ocupación de vía pública e celebración dun magosto no Centro Cultral, o día 31 de outubro de 2025, así como a colaboración municipal coa cesión de unha plataforma para actuación musical, 10 mesas sen bancos e 75 cadeiras.

Visto o informe da Policía Local acordase acceder ao solicitado, debendo axustarse ás seguintes condicións:

- Deberá terse en conta que a instalación non impida o uso do mobiliario urbano nin o paso de peóns.
- Deberá aportar póliza de seguros de responsabilidade civil e accidentes para a citada actividade.
- Deberá obedecelo disposto na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súas emisión sonoras ós límites establecidos na mesma.
- Durante o desenvolvemento da actividade o solicitante deberá responsabilizarse da limpeza do espazo público que ocupe, e unha vez remate deixará a zona nas condicións de limpeza anteriores ó inicio da actividade.
- A ocupación de vía pública para diferentes actividades está gravada con prezo público, polo que si corresponde deberá abonalo no negociado de Rendas.

PRP2025/3937

Vista a proposta da Policía Local, en relación con intervención en Rúa Xesteira Sobradelo, e tendo en conta que o tráfico vese incrementado ao saír moitos usuarios do complexo deportivo de Fontecarmoa e converterse a rúa Pedrido Morlía en sentido único, a Xunta de Goberno Local acorda que se proceda ao pintado de sinalización de liña lonxitudinal de cor amarela na rúa Xesteira (desde o N°1 ao N°3) coa intersección da Avenida de Cambados e colocación de sinal R-307 , e delimitar as prazas de estacionamento fronte ao edificio situado na zona (n°2).

Dar conta á Policía Local e Servizo de Sinalización (Alvaro)

PRP2025/3938

Dáse conta de solicitude con número de rexistro WEB2025007073 (RE-650/25), de data 23/09/2025, presentada por ASOC. VECINAL E CULTURAL Ou SOUTO DE RUBIANS, en relación a problemas que padecen os usuarios dunha rampla de acceso para persoas de mobilidade

reducida no Centro Cultural de Rubiáns.

Visto o informe da Policía Local e co fin de evitar o estacionamento nesta zona e desta forma facilitar o acceso á rampla , a Xunta de Goberno Local acorda aprobar a creación dun paso de peóns, que tamén daría acceso no outro marxe a un parque biosaudable.

Dado que sería de nova creación habería que pintar marcas viarias e colocar a sinalización vertical correspondente (S 13).

Dar conta á Policía Local e Servizo de Sinalización (Álvaro).

PRP2025/3939

Dáse conta de solicitude con número de rexistro 2025007990 (RE-651/25), de data 23/09/2025, presentada por Nuria GONZÁLEZ NÚÑEZ, con relación á creación dunha reserva para carga e descarga na Avda. da Mariña.

Visto o informe da Policía Local no que se indica que non consideran viable a creación dunha nova zona de carga e descarga ademáis das tres que xa existen nesta rúa fronte aos números 46, 98 e 126, a Xunta de Goberno Local acorda non acceder ao solicitado.

PRP2025/3940

Dáse conta de solicitude con número de rexistro WEB2025006486 (RE-652/25), de data 23/09/2025, presentada por Daniel RIVERA SÁNCHEZ, en relación á necesidade de sinalizar paso para peóns en Praza Estación, na saída da Estación de Ferrocarril.

Visto o informe da Policía Local, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar a creación dun paso para peóns na marxe esquerda de Moreira Casal con Praza Estación, realizando as marcas viarias e colocando a sinalización vertical (S 13), debido á gran afluencia de persoas á estación de tren, para que estas o fagan coa máxima seguridade.

Dar conta á Policía Local e Servizo de Sinalización (Alvaro)

PRP2025/3944

Dáse conta de escrito presentado por D. Fernando Álvarez de Blas, en representación de CP Arcebispo Xelmirez 3-5, en relación con problemas que padecen os usuarios do vao situado en Rúa Arcebispo Xelmirez nº 5, ao ter unha visibilidade reducida á hora de incorporarse á circulación.

Dáse conta de informe da Policía Local no que se indica que a instalación de espello melloraría as condicións de visibilidade, se ben sería de uso exclusivo para os usuarios de ambos garaxes.

Visto o informe da Policía Local, a Xunta de Goberno Local acorda autorizarlle a colocación dun espello na saída do mesmo, sen invadir a vía pública, sendo orientado de maneira que facilite a visibilidade para a incorporación á circulación, mellorando incluso a percepción de peóns que se aproximen pola beirarrúa, se ben dado que o uso do mesmo será exclusivo para os usuarios do citado inmovible deberá colocalo pola súa conta, debendo poñerse en contacto coa Policía Local para a súa correcta instalación.

PRP2025/3947

Vista a proposta da Concelleira de Seguridade Cidadá e o informe emitido polo Xefe do Servizo Municipal de Emerxencias, a Xunta de Goberno Local acorda:

1.- Aprobar e subscribir o convenio regulador para a concesión directa dunha subvención entre o Concello e a AGRUPACIÓN DE VOLUNTARIOS DE PROTECCIÓN CIVIL DE VILAGARCÍA DE AROUSA (G36213213), nos termos establecidos no borrador que consta no expediente.

2.- Autorizar e dispoñer o gasto por importe de 65.000,00€, con cargo á aplicación orzamentaria 135-489 do orzamento vixente.

PRP2025/3956

Actualmente o Concello esta adherido ao convenio entre a Administración Xeral do Estado (MINHAP) e a Xunta de Galicia para a prestación mutua de solucións básicas de administración electrónica asinado o 31 de outubro de 2013, este convenio foi substituído por un novo convenio asinado entre o Ministerio para a Transformación Dixital e da Función Pública (Secretaría de

Estado de Función Pública) e a Comunidade Autónoma de Galicia para a prestación mutua de solucións básicas de administración dixital asinado o 18 de febreiro de 2025.

Dende a Xunta de Galicia indican o seguinte: “as entidades locais galegas, estean ou non adheridas ao anterior convenio, deberán asinar este novo acordo de adhesión para poder acceder ás solucións tecnolóxicas básicas dispoñibles a través do convenio”

A través deste convenio o Concello pode acceder aos seguintes servizos e solucións tecnolóxicas ofrecidos pola Xunta e a Admon. Central do Estado, que son totalmente necesarias para o funcionamento da administración electrónica do Concello:

. Sistemas de Aplicacións e Redes para as Administracións (Rede SARA).
- Sistemas de identificación e sinatura electrónica: @firma, TS@, Cl@ve, Port@firmas, AutenticA.
- Sistemas para o intercambio de información, datos e documentos entre Administracións Públicas por medios electrónicos:

- Plataforma de Intermediación de datos da Administración Xeral do Estado para a verificación e consulta de datos (acceso directo ou a través de Pasaxe) e o Portfolio SCSP.
- Sistema de Interconexión de Registros (SIR).
- Servizo de intercambio de documentos e expedientes electrónicos con outras administracións e coa Administración de Xustiza.

- Sistemas de posta a disposición de notificacións en formato electrónico: DEHú e Notific@.
- Sistemas de apoderamento e representación: Apodera e Representa.
- Rexistro de Funcionarios Habilitados da Administración Xeneral do Estado (RFH-AGE).
- Punto de Acceso Xeral electrónico da AGE (PAGe).
- Carpeta Cidadana do Sector Público Estatal («Mi Carpeta Ciudadana»).- Arquivo definitivo de expedientes e documentos (Archive).
- Inventarios de información administrativa: DIR3 e SIA.

Vista a proposta do Departamento de Informática, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar a adhesión do Concello de Vilagarcía ao convenio asinado entre o Ministerio para a Transformación Dixital e da Función Pública (Secretaría de Estado de Función Pública) e a Comunidade Autónoma de Galicia para a prestación mutua de solucións básicas de administración dixital de data 18 de febreiro de 2025.

RECURSOS HUMANOS

PRP2025/4061

Acórdase o recoñecemento de obrigación a favor dos/as Sres./as Concelleiros/as, membros da Corporación Municipal, polos importes que a seguir se din, correspondentes a asistencia a sesións do Pleno, Xuntas de Goberno e Comisións Informativas, do 1 ao 31 de setembro de 2025, por un importe total de 7.750,00 € e con cargo á partida 912.233:

CARGO ELECTO	PLENOS E XGL		COMISIONS INFORMATIVAS		MESA CONTRATACIÓN XERENCIA URBANISMO		TOTAL EUROS
	Nº sesións	Importe	Nº sesións	Importe	Nº sesións	Importe	
D. CARLOS COIRA LOJO	5	x 150,00 €	3	x 125,00 €	1	x 50,00 €	1175,00 €
D. DIEGO GARCIA SANTIAGO	4	x 150,00 €	3	x 125,00 €	---	x 50,00 €	975,00 €
D ^a LUZ MARIA ABALO PÉREZ	5	x 150,00 €	3	x 125,00 €	1	x 50,00 €	1175,00 €
D. JOSÉ MARÍA GONZÁLEZ ARAÚJO	5	x 150,00 €	3	x 125,00 €	---	x 50,00 €	1125,00 €
D ^a MARIA ELENA SUAREZ SARMIENTO	---	x 150,00 €	3	x 125,00 €	---	x 50,00 €	375,00 €
D. ROBERTO DOMINGUEZ BUSTELO	---	x 150,00 €	3	x 125,00 €	1	x 50,00 €	425,00 €
D. RAUL SANTAMARIA GONZÁLEZ	---	x 150,00 €	3	x 125,00 €	3	x 50,00 €	525,00 €
D ^a MARTA MARÍA FERRADANS PADIN	---	x 150,00 €	3	x 125,00 €	---	x 50,00 €	375,00 €
D. HIGINIO OLIVEIRA	---	x 150,00 €	3	x 125,00 €	---	x 50,00 €	375,00 €

BARREIRO		€					
D. JULIO VARELA CARDALDA	---	x 150,00 €	3	x 125,00 €	---	x 50,00 €	375,00 €
D. FRANCISCO JAVIER RODRIGUEZ PAZ	---	x 150,00 €	---	x 125,00 €	1	x 50,00 €	50,00 €
D ^a ROSA M ^a ABUIN RODRIGUEZ	---	x 150,00 €	3	x 125,00 €	1	x 50,00 €	425,00 €
D. JUAN MANUEL FAJARDO RECOUSO	---	x 150,00 €	3	x 125,00 €	---	x 50,00 €	375,00 €
TOTAL							7.750,00 €

PRP2025/3948

En sesión plenaria do 27 de xullo de 2023 acordouse fixar como aportación para gastos de sostemento dos grupos municipais a cantidade mensual de 350,00 € como compoñente fixo e 300,00 € como compoñente variable en función do número de concelleiros do grupo con efectos retroactivos do 17 de xuño de 2023,

A Xunta de Goberno Local acorda o recoñecemento de obriga a favor dos seguintes grupos municipais, por importe total de 7.700,00 €, con cargo á partida 912.489, polo período do 1 ao 31 de setembro de 2025, coa seguinte desagregación:

GRUPO MUNICIPAL	Número concelleiros	Comp. Fixo €	Compoñente variable €	Total Mes
PARTIDO POPULAR G36573152	9	350,00	300,00 x 9 = 2.700,00 €	3.050,00 €
PSdeG-PSOE G36573277	9	350,00	300,00 x 9 = 2.700,00 €	3.050,00 €
BNG V36594372	2	350,00	300,00 x 2 = 600,00 €	950,00 €
ESQUERDA UNIDA V94192663	1	350,00	300,00 x 1 = 300,00 €	650,00 €
TOTAL	7.700,00 €			

BENESTAR SOCIAL

BENESTAR SOCIAL

PRP2025/3952

En base ao informe emitido pola Coordinadora de Servizos Sociais, en relación ao gasto a asumir polo Concello relativo á atención educativa e comedor da Escola Infantil Municipal do mes de setembro 2025:

Dáse conta á Xunta de Goberno Local das seguintes contías:

a. Custe derivado da aplicación das bonificación do Decreto 49/2012 de réxime de prezos das escolas infantís 0-3 a asumir polo Concello en concepto de :

i. Atención educativa: 11.514,32€

ii. Comedor: 4.501,19€

b. Custe que lle correspondería aboar ás familias e a asumir pola Xunta de Galicia de acordo coa Orde do 18 de Agosto de 2025 en concepto de i. Atención educativa: 6.342,60€

Polo tanto, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o pago a favor da Escola Infantil Municipal, Bonecos Vilagarcía, S.L. con C.I.F. nº B 94065661, en concepto de bonificación municipal pola atención educativa e comedor e gratuidade da atención educativa para as familias do mes de setembro de 2025, con cargo á partida 323.48007:

Total a transferir á Escola Infantil Municipal do mes de setembro de 2025: 22.358,11€.

PRP2025/4020

Bonecos Vilagarcía, S.L. (actual titular da concesión da Escola Infantil Municipal), representada por María Mercedes Teira Sampedro, mediante escrito presentado con data 26 de agosto de 2025, indica que no curso 2024-2025, a concesionaria ten un déficit acumulado de 39.077,89 €, ao que hai que engadir 18.019,67 € correspondentes ao déficit do curso anterior (2023-2024), resultando un total de 57.097,56 € necesarios para sanear as contas do concesionario e poder seguir ofrecendo o servizo. Argumentan que a orixe do déficit se debe a que as cotas que pagan

as familias están conxeladas sen actualizar no IPC dende o ano 2017 (en base á Resolución 10 maio 2017, da Xunta de Galicia, pola que se actualizan os prezos das escolas infantís dependentes da axencia para o curso 2017/2018), pese a vir reflexado no contrato de concesión municipal o que implica unha situación de falta de equilibrio financeiro que están a padecer. Dende o ano 2024, o Concello está a abonar á empresa concesionaria a subvención da Xunta de Galicia para gastos de mantemento, que ascende aproximadamente a 60.000 € por curso, no ano 2003 abonouse parcialmente a subvención concedida.

Polo que, de levarse a cabo a revisión das tarifas conforme ao IPC do mes de xaneiro publicado polo INE, para os anos 2019, 2020, 2021, 2022, 2023, resultarían as seguintes cantidades.

Ano	Importes abonados polo Concello	Importe incrementado co IPC (a 1 de xaneiro)	
2019	403.564,57 €	(1%)	4.035,65 €
2020	420.641,70 €	(1,1%)	4.627,06 €
2021	348.566,81 €	(0,5%)	1.742,83 €
2022	383.221,91 €	(6,1%)	23.376,54 €
2023	428.801,89 €	(5,9%)	25.299,31 €
TOTAL	Diferencia a favor da concesionaria:		59.081,39 €

Inclúese o ano 2023, pese a aboarse a Bonecos, S.L. a cantidade de 14.513,70 €, inferior a cuantía que procedería pola subvención da Xunta de Galicia.

Tamén debe subliñarse que dende a publicación no DOGA de 23 de maio de 2017, a Resolución de 10 de maio de 2017 citado, non se levou a cabo a actualización dos prezos das escolas infantís, que indica o Decreto 49/2012, do 19 de xaneiro polo que se aproba o réxime de prezos das escolas infantís dependentes da Consellería de Traballo e Benestar.

O Programa de gratuidade da Xunta de Galicia para as escolas infantís, aplica os prezos fixados no Decreto 49/2012, do 19 de xaneiro, e as cuantías non se actualizan dende o curso 2017/2018. Visto o exposto e o Informe emitido pola Secretaria Municipal de data 1 de outubro de 2025, e vista a proposta da Concelleira de Servizos Sociais, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o aboamento a Bonecos S.L. en calidade de concesionaria da Escola Infantil Municipal de Vilagarcía de Arousa, as cantidades seguintes, con cargo á partida 323.48007:

Ano	Importes abonados polo Concello	Importe incrementado co IPC (a 1 de xaneiro)	
2019	403.564,57 €	(1%)	4.035,65 €
2020	420.641,70 €	(1,1%)	4.627,06 €
2021	348.566,81 €	(0,5%)	1.742,83 €
2022	383.221,91 €	(6,1%)	23.376,54 €
2023	428.801,89 €	(5,9%)	25.299,31 €
TOTAL	Diferencia a favor da concesionaria:		59.081,39 €

EMPREGO

PRP2025/3902

Revisado o expediente de solicitude de axuda dentro do Programa de Axudas Municipais á Creación de Empresas 2025, presentada por ANA BELEN RUBIANES FONTAN, NIF: 35460393M, e domicilio en Lugar Travesía BENIGNO SANTOS Nº: 9 - VILGARCIA DE AROUSA CP: 36611 Vilagarcía de Arousa (mail: elenarodriguez@astem.es), infórmase pola Área de Promoción Económica:

- Que a solicitante cumpre os requisitos establecidos nas bases da convocatoria para obter a condición de beneficiaria do Programa de Axudas Municipais á creación de Empresas 2025
- Que a empresa cumpre o obxecto da subvención e presenta en forma e prazo a documentación xustificativa, e, por tanto procede a concesión da axuda solicitada e, consecuentemente,

Vista a proposta da Concellería de Promoción Económica, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar a concesión da subvención, procedendo o recoñecemento de obriga e o aboamento a ANA BELEN RUBIANES FONTAN, NIF: 35460393M, da cantidade de DOUS MIL CINCO CENTOS EUROS (2.500 €) con cargo á partida 241-470.

No prazo de 20 días hábiles dende a notificación da resolución de concesión da correspondente

axuda, deberá presentar fotografía do cartel informativo da subvención no lugar no que estea situado. O cartel estará a disposición do interesado na sede electrónica do Concello, (pestaña do catálogo de procedementos- 50-DESENVOLVEMENTO LOCAL).

PRP2025/3904

Por parte da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración concedeuse ao Concello de Vilagarcía unha subvención ao abeiro da do 19 de febreiro de 2025 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrència non competitiva, de subvencións para o impulso dunha rede de mercados excelentes de Galicia e a dinamización e revitalización das prazas de abastos, e se procede á súa convocatoria para o ano 2025, por contía total de 28.004,62 €, para o ano 2025.

No caso de prazas de abastos que contén co selo de Mercado Excelente, segundo establece o artigo 3.1.1. das bases, as actuacións deberán incluír accións formativas e de asesoramento dirixidas ao mentoring (titoría e asesoramento) comercial, aumento da rendabilidade do punto de venda a través de técnicas de visual merchandising, a colocación do produto e atención á clientela.

Vista a proposta da Concellería de Promoción Económica, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o gasto correspondente ás accións formativas para os vendedores e vendedoras da praza de abastos dentro da subvención para a dinamización da rede de mercados excelentes 2025 e o aboamento do servizo prestado pola empresa CDF CONSULTORIA Y GESTION FORMATIVA, S.L., B-06.828.834 por contía total de 2.995,00 € (cantidade exenta de IVE), con cargo á partida orzamentaria 4311-22610.

EDUCACIÓN, SANIDADE E MERCADOS

EDUCACIÓN

PRP2025/3919

Dáse conta de informe da Directora do Conservatorio Profesional de Música, no que se indica:
Primeiro.- Que logo da finalización das actividades correspondentes, compre proceder á xustificación da subvención do Plan + Provincia 2025 relativa aos GASTOS DERIVADOS DA CELEBRACIÓN DO VIII FESTIVAL INTERNACIONAL DE MÚSICA CLASCLAS 2025, segundo Acordo da Xunta de Goberno da Deputación Provincial de data 02/05/2025 (acordo 9.35149) polo importe de 30.000,00 € cun orzamento de 30.000,00 € e ao abeiro das BASES REGULADORAS DO PLAN DE OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN + PROVINCIA) 2024, liña 2, “Gasto corrente derivado da programación cultural, deportiva e social do Concello”.
Segundo.- Que, sobre o orzamento remitido á Deputación provincial, polo importe de 30.000,00 € remítese a seguinte documentación xustificativa:

1. Conta xustificativa do gasto realizado polo importe total de 30.233,00 € desagregado nos seguintes conceptos:

Nº Operación	Fase	Fecha	Aplicación	Importe	Nombre Ter.	Texto Libre	Documento	Fecha Doc.
220250016418	O	07/07/2025	2025 3261 22609	6.422,00	ARTSIMES SL	Polos sevizios ofrecidos por Spanish Brass como artista no concerto do día 21 de xuño de 2025 no marco do CLASCLAS 2025	57	23/06/2025
220250016422	O	07/07/2025	2025 3261 22609	6.050,00	LAUREL DEL APOLO SLU	Por los servicios ofrecidos por Al Ayre Español como artista en el concierto del día 27 de Junio de 2025 no marco do CLASCLAS 2025	2025/05	29/06/2025
220250016423	O	07/07/2025	2025 3261 22609	6.000,00	ASOCIACIÓN CULTURAL ORQUESTA GAOS	Por los servicios ofrecidos por Orquesta GAOS / Miren Urbietta Vega como artista en el concierto del día 28 de junio de 2025 no marco do CLASCLAS 2025	2025 8	30/06/2025
220250016428	O	07/07/2025	2025 3261 22609	3.300,00	URBIETA VEGA MIREN	POLOS SERVICIOS OFRECIDOS POR MIREN URBIETA VEGA NO CONCERTO DO 28/06/2025 NO MARCO DO CLASCLÁS 2025.	TB-2025-F 2	29/06/2025

220250016432	O	07/07/ 2025	2025 3261 22609	8.228,00	MITO CONCERTS, SL	Polos servizos ofrecidos jpolo Cuarteto Bennewitz como artista no concerto do día 24 de xuño de 2025 no marco do CLASCLAS 2025		
--------------	---	----------------	-----------------------	----------	----------------------	--	--	--

2. Memoria final descriptiva e detallada dos gastos e/ou actividades realizadas.
3. Facturas polo importe de 30.233,00 € segundo o disposto no Real decreto 1619/2012, de 30 de novembro, polo que se aproba o regulamento que regula as obrigas de facturación.
4. Certificación do acordo de aprobación pola Xunta de Goberno Local das facturas remitidas
5. Certificación dos acordos de autorización e disposición de gasto.
6. Certificación da Secretaria do Concello segundo o exposto nas bases da convocatoria

Terceiro.- Ademais da documentación sinalada no apartado segundo de este informe, a xustificación da subvención inclúe a seguinte documentación:

1. Documentación relativa á difusión da subvención concedida
2. Informe da Directora do Festival sobre a difusión realizada da subvención concedida

Por todo o anteriormente exposto, a Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro.- Aprobar a Conta Xustificativa correspondente á subvención concedida a este Concello pola Deputación Provincial para os GASTOS DERIVADOS DA CELEBRACIÓN DO VIII FESTIVAL INTERNACIONAL DE MÚSICA CLASCLAS 2025 polo importe total de 30.233,00 € sendo o importe concedido e o orzamento presentado de 30.000,00 € ao abeiro das BASES REGULADORAS DO PLAN DE OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN + PROVINCIA) 2025, liña 2, “Gasto corrente derivado da programación cultural, deportiva e social do Concello”.

Segundo.- Autorizar a remisión da documentación correspondente sinalada nos apartados segundo e terceiro deste informe para á xustificación de dita subvención perante a Deputación Provincial.

PRP2025/3953

Vista a proposta da Directora do Conservatorio Profesional de Música, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por D. Tigran Poghosyan para a revisión técnica dos pianos do Conservatorio Profesional de Música (afinación, entonación e regulación), por un importe total de 1.258,40 € (IVE incluído), con cargo á partida 3261.22799.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2025/3975

Vista a proposta da Directora do Conservatorio Profesional de Música, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por D. Carlos Galbán Zaragoza para o subministro de libros, material funxible e partituras para o Conservatorio Profesional de Música para o curso académico 2025-2026, por un importe total de 2.120,86 € (IVE incluído) con cargo á partida 3261.22699.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2025/4018

A Xunta de Goberno Local, en sesión celebrada o 03/03/2025, concedeu unha subvención nominativa á entidade UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA (Q1518001A), por importe de 14.585,00€, con cargo á aplicación orzamentaria 320-48900.

A entidade beneficiaria presentou no prazo establecido a documentación xustificativa correspondente.

Consta no expediente informe favorable emitido pola Comisión Mixta en data 04/08/2025, no que se deixa constancia de que a actividade foi realizada, que se cumpriu a finalidade obxecto da

subvención e que a xustificación se avalía positivamente.

Vista a proposta da Concellería de Educación, a Xunta de Goberno Local acorda:

1.- Aprobar a xustificación presentada pola entidade UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA (Q1518001A), ao considerarse realizada a actividade e cumprida a finalidade da subvención.

2.- Proceder ao recoñecemento da obriga a favor da entidade UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA (Q1518001A), por importe de 14.585,00€, con cargo á aplicación orzamentaria 320-48900

MERCADOS

PRP2025/3922

Dáse conta do escrito presentado por Dona Rosa Ana Pouso Rey en representación de Vendedoras Ambulantes de Flores do Mercado de Vilagarcía, en relación coa instalación dunha carpa para venda de flores os días 29 e 30, 31 de outubro e 1 de novembro con motivo da celebración da festividade de Tódolos Santos.

Vistos os informes obrantes no expediente, a Xunta de Goberno Local acorda conceder autorización para a instalación da carpa solicitada destinada as vendedoras con concesión de posto de flores no mercadillo, ás vendedoras campesiñas de flor de colleita propia da praza de abastos, así como ás floristas da praza de abastos que contan coa documentación pertinente para exercer este tipo de venda.

Deberán ter instalada a carpa dous días antes destas datas, para que os servicios municipais teñan tempo para facer a decoración e instalación de luz da mesma. Así como se reubicará aos vendedores ambulantes instalados nesta zona.

TURISMO E MEDIO AMBIENTE

MEDIO AMBIENTE

PRP2025/3918

O 13 de maio de 2025 ditouse resolución da directora xeral de Administración Local, por delegación do conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes, de concesión a este Concello de subvención do Fondo de Compensación Ambiental na súa natureza NON COMPETITIVA por importe total de 10 917,46 euros para o proxecto denominado “RENOVACIÓN DO SISTEMA DE ILUMINACIÓN DA PRAZA DE ABASTOS (ZONA PEIXARÍA)”.

Aos efectos da xustificación da subvención do Fondo de compensación Ambiental do 2025 e de acordo co establecido no artigo 31 da Orde do 23 de xaneiro de 2025 pola que se regula a convocatoria desta subvención deberá aprobarse a conta xustificativa da subvención polo órgano competente.

Vista a proposta da Concellería de Medio Ambiente, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar a conta xustificativa da subvención, facendo constar:

- Que se cumpriu da finalidade da subvención.
- Que a axuda outorgada por un importe de 10 917,46 € se destinou integramente á finalidade para a que foi concedida.

E os gastos imputables á actuación subvencionada son os que se relacionan a continuación:

Acredor	Concepto	Nº factura	Importe	Data de emisión	Data de recoñecemento da obriga
TECNOLOGIA GALLEGA DE MANTENIMIENTO Y SERVICIOS SL	RENOVACIÓN DO SISTEMA DE ILUMINACIÓN DA PRAZA DE ABASTOS (ZONA PEIXARÍA)	1089	17.773,05 €	31/08/2025	06/10/2025

TURISMO

PRP2025/3941

A Deputación Provincial de Pontevedra publicou as Bases para a concesión das subvencións, en réxime de concorrència competitiva, para o financiamento dos custos da prestación de servizos

de información e atención ao público en oficinas de turismo adheridas á Rede de Turismo Info Rías Baixas correspondentes ao ano 2025

O Concello solicitou subvención para a Oficina Municipal de Turismo, sita na Praza da Peixería, e para o Punto de Información Turística ubicado no Museo do Ferrocarril, xa que esas dúas instalacións están integradas na rede de Turismo INFO RÍAS BAIXAS.

Agora a Deputación Provincial publica, no BOP do 17/07/2025, a resolución desa convocatoria, na que figura unha axuda ao Concello de Vilagarcía por importe de 14.000,00 € para a Oficina Municipal de Turismo e outros 14.000 € para o Punto de Información Turística do Mufevi.

Coa aceptación da subvención, o Concello non se compromete á contratación de novo persoal senón que pode xustificala co persoal que xa ten contratado.

Vista a proposta da Concellería de Turismo, a Xunta de Goberno Local acorda:

- Aceptar a subvención, de 14.000 € para o Oficina de Turismo, e 14.000 para o Punto de Información do Mufevi, aprobada pola Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra, de data 10/07/2025 e publicada no BOP o 17/07/2025, ao abeiro das BASES PARA A CONCESIÓN DAS SUBVENCIÓNS, EN RÉXIME DE CONCORRENCIA COMPETITIVA, PARA O FINANCIAMENTO DOS CUSTOS DA PRESTACIÓN DE SERVIZOS DE INFORMACIÓN E ATENCIÓN AO PÚBLICO EN OFICINAS DE TURISMO ADHERIDAS Á REDE DE TURISMO INFO RÍAS BAIXAS CORRESPONDENTES AO ANO 2025
- Solicitar á Intervención Municipal a incoación do expediente de xeración de crédito polo importe de 28.000 €, no proxecto 2025/3/CR RTE/24 e procedendo a liberar o crédito necesario en dito proxecto conforme aos datos actualizados dos custos do persoal proporcionadas polo Servizo de Recursos Humanos.

PRP2025/3942

A Axencia de Turismo de Galicia publicara RESOLUCIÓN do 2 de maio de 2025 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrència non competitiva, de subvencións a concellos para o apoio, promoción e difusión das festas declaradas de interese turístico de Galicia, e se procede á súa convocatoria para o ano 2025 (código de procedemento TU500A)

O Concello solicitara subvención para a Festa da Ameixa de Carril e lle fora concedida, na Resolución do 12/08/2025, por importe de 4.000 €.

Vista a proposta da Concellería de Turismo a efectos de xustificación da subvención de 4.000 € da Axencia de Turismo de Galicia para a Festa da Ameixa de Carril 2025, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar a seguinte conta:

1º CUMPRIMENTO DA FINALIDADE DA SUBVENCIÓN

O Concello de Vilagarcía de Arousa adicou o importe da axuda á compra de Ameixa, que foi degustada durante a festa. A ese concepto corresponde a factura FA 18, da Cofradía de Pescadores Santiago Apóstol de Carril, CIF G36012813, de 4.000 € (IVE engadido).

2º OS DISTINTOS CONCEPTOS E CONTÍAS CORRESPONDENTES AOS GASTOS TOTAIS SOPORTADOS POLA ENTIDADE BENEFICIARIA IMPUTABLES Á ACTUACIÓN SUBVENCIONADA

CIF	PROVEEDOR	Nº FRA,	DATA	IMPORTE	DATA RECOÑECIMENTO	DE	CONCEPTO
G36012813	Cofradía de Pescadores Santiago Apóstol de Carril	FA 18	16/09/2025	4.000 €	30/9/2025		Compra de ameixa

3º RELACIÓN DETALLADA DOUTROS INGRESOS OU SUBVENCIÓNS QUE FINANCIASEN A ACTIVIDADE

Non houbo outros ingresos ou subvencións que financiasen esta actividade.

PRP2025/3949

A Concellería de Turismo está a traballar na promoción de Vilagarcía como lugar de celebración de concertos pola calidade dos espazos cos que conta, tanto en interior, como son os casos do Auditorio ou do recinto feiral de Fexdega, como no exterior, na Praia da Compostela ou na chamada Zona TIR, nas inmediacións do porto deportivo. Eses eventos supoñen por se mesmos un importante impacto económico na cidade pero ademais teñen un gran valor para dar a

coñecer Vilagarcía como destino turístico.

NEW LIVE PROMOCIONES CULTURALES,S.L., CIF B94136066, presentou, o 15 de xuño de correntes, con nº de rexistro WEB2025005696 e WEB2025005686, solicitude de concesión directa dunha subvención para a celebración do ATLANTIC FEST 2025, os días 18, 19 e 20 de xullo.

Pola Concellería de Turismo fíxose proposta favorable da concesión directa solicitada, por importe de 55.000 €, pero por causa da proximidade das datas de celebración do festival, non foi posible a aprobación en Xunta de Goberno Local e a Alcaldía resolveu aprobar a sinatura do convenio regulador desa concesión, con cargo á aplicación orzamentaria 432-470.

Agora dáse conta á Xunta de Goberno Local desa resolución da Alcaldía e da sinatura do convenio regulador.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE

MULLER E PERSOAS MAIORES

PRP2025/3925

O pasado 30 de abril do 2025 rematou o prazo para a presentación das propostas educativas por parte dos centros educativos de Vilagarcía á decimonovena edición do Premio pola Igualdade. Boas prácticas na educación, segundo as bases aprobadas na XGL do 16 de decembro do 2024. Concorreron a esta convocatoria un total de 9 propostas presentadas por seis centros educativos de ensino infantil e primario, e dous centros de ensinanzas de réxime especial.

O día 13 de xuño reuniuse o xurado para ver os proxectos e o material presentado e valorar as propostas segundo os criterios establecidos nas bases, sendo o resultado de dita valoración o que se describe a continuación.

Propostas e centros premiados con 700,00€ cada un.

- Categoría infantil e primaria: Mulleres que deixan pegada - CEIP Rosalía de Castro.
- Categoría secundaria e bacharelato: O Comando Igualdade - IES O Carril.
- Categoría ciclos formativos, ensinanzas de réxime especial e obradoiros de emprego: O apartamento, preparándonos para unha vida adulta en igualdade – Centro de educación Especial (CEE)

A Xunta de Goberno Local acorda o recoñecemento de obriga de 700 € a favor de cada un dos gañadores, con cargo á partida 2312.48100, facendo efectivo o mesmo nas contas bancarias indicadas na proposta da Área de Igualdade.

PRP2025/3926

O Pleno do Congreso dos Deputados aprobou por unanimidade, na súa sesión do día 15 de novembro de 2016, unha Proposición non de Lei pola que se instaba ao Goberno para promover a subscripción dun Pacto de Estado en materia de Violencia de Xénero. O pasado decembro do 2017 ratificouse dito Pacto.

Mediante Resolución transferencias de 18 de xullo de 2025 da Secretaría de Estado de Igualdade para o exercicio 2024, o Concello de Vilagarcía de Arousa é beneficiario da cantidade de 22.104,31€ (BOE 29 de xullo de 2025).

A competencia no Concello de Vilagarcía de Arousa, en relación aos programas e proxectos en materia de igualdade e violencia, obxecto destes fondos, corresponde á Área de Igualdade-CIM.

O período de execución destes fondos é o comprendido entre o 1 de xullo de 2025 e o 30 de xuño de 2026, debendo estar xustificadas a 30 de setembro de 2026 como data límite

Por todo o anterior, a Xunta de Goberno Local acorda:

- Que sexa incorporada ao orzamento da Área de Igualdade-CIM proxecto Pacto de Estado 2025 para o presente ano a cantidade de 22.104,31€.
- Que os fondos deste proxecto que non estean comprometidos a data de 31 de decembro de 2025 se incorporen ao orzamento do 2026 para continuar coa súa execución ata o 30 de xuño, data na que finaliza o proxecto.

CULTURA

PRP2025/3927

A Xunta de Goberno Local, na ssesión que tivo lugar o día 19 de maio de 2025, acordou aprobar o orzamento para a celebración das Festas Santa Rita 2025.

Por erro non se incorporou o custe das taxas de ocupación en zona portuaria, para a instalación de atraccións durante as festas de Santa Rita, que ascenden a 2.957,18 €.

Polo Departamento de Intervención realizouse un RC coa seguinte referencia: 22025001957, con cargo á aplicación 338.225, por un importe de 2.200,00 €

Autoridade Portuaria de Vilagarcía, con C.I.F.: Q3667003B, presenta a Taxa de ocupación, por importe total 2.957,18 € (I.V.E. do 21% incluído), polo que existe unha diferenza de 757,18 € entre o importe estimativo e o importe presentado.

Á vista do anterior a Xunta de Goberno Local acorda aprobar a modificación do gasto correspondente a taxas pola ocupación de espazo en zona portuaria para instalación de atraccións durante as festas de Santa Rita, sendo o importe correcto de 2.957,18 €, co que se amplía o orzamento inicial en 757,18 €, con cargo á partida 338.225.

PRP2025/3951

En Xunta de Goberno Local de data 11 de agosto de 2025 acordouse aprobar o gasto para a celebración das Festas de San Roque 2025.

No gasto adxudicado a DISTRIBUCIONES FROIZ S.A. con CIF: A36036739, pola compra de empanadas, Bika, roscón para a romaría de San Roquiño o día 15 de agosto, existe unha errata no correspondente o importe total de gasto.

ONDE DÍ:

DISTRIBUCIONES FROIZ S.A.	A36036739	EMPANADAS, BIKA, ROMARÍA SAN ROQUIÑO	15/08/2025	591,86 €	10 %	59,19 €	615,05 €	338-22199
---------------------------	-----------	--------------------------------------	------------	----------	------	---------	----------	-----------

DEBE DICIR:

DISTRIBUCIONES FROIZ S.A.	A36036739	EMPANADAS, BIKA, ROMARÍA SAN ROQUIÑO	15/08/2025	591,86 €	10 %	59,19 €	651,05 €	338-22199
---------------------------	-----------	--------------------------------------	------------	----------	------	---------	----------	-----------

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda corrixir o erro indicado.

CONTRATACIÓN

PRP2025/3915

Dáse conta de Resolución do 1 de outubro de 2025, da Dirección Xeral de Fondos Europeos, pola que se resolve provisionalmente a convocatoria para a asignación de senda financeira FEDER a Plans de Actuación Integrados de Entidades Locais, no marco do desenvolvemento urbano sostible, con cargo ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional no período de programación 2021-2027, sendo o importe consignado ao Concello de Vilagarcía de Arousa o seguinte:

Senda FEDER asignada	Tasa cofinanciamento	Inversión Pública correspondente
3.872.912,00 €	60%	6.454.853,00 €

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

PRP2025/3916

Por Resolución de Alcaldía ditada con data 23 de decembro de 2022 foi aprobado o proxecto técnico denominado “Humanización da rúa Aduana de Carril”, redactado polo arquitecto municipal, D. Xoán Xosé Rodríguez Cuiña, cun importe de licitación de 466.719,28 € (sen IVE), 564.730,33 € (IVE engadido).

As actuacións incluídas neste proxecto buscan dar continuidade ás obras de urbanización impulsadas polo concello de Vilagarcía de Arousa nos últimos anos para limitar o tráfico rodado e mellorar a accesibilidade e seguridade dos peóns nas rúas municipais, ao tempo que se pon en valor o casco antigo de Carril.

O Servizo Provincial de Costas do Estado ditou Resolución de autorización das obras con data 24 de febreiro de 2023 e a Directora xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo ditou Resolución de autorización o 10 de marzo de 2023.

Posteriormente o arquitecto municipal, redactor do citado proxecto, asinou con data 28 de xaneiro de 2025 proxecto revisado para a Humanización da rúa Aduana de Carril, que modifica o orzamento sen modificación do ámbito de actuación, pasando a ser o novo orzamento de licitación (IVE engadido) de 782.839,08€.

O proxecto revisado foi remitido novamente aos organismo competentes en materia de costas do Estado e da xunta de Galicia, sendo emitida nova Resolución de Autorización polo xefe do Servizo Provincial de Costas do Estado ditou, con data 24 de febreiro de 2025.

O citado investimento incluíuse entre as actuacións municipais do Plan de Actuación Integrado (PAI) do Concello de Vilagarcía de Arousa “Construíndo Vilagarcía: Innovación, Inclusividade e sustentabilidade, aprobado no Pleno da Corporación Municipal aprobado no día 27 de febreiro de 2025, para solicitar unha axuda do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) por importe de 3.883.711,40€ euros, no marco da convocatoria para a asignación de senda financeira FEDER a Plans de Actuación Integrados de entidades locais, no marco do desenvolvemento urbano sostible, FEDER 2021-2027.

Por Resolución da Dirección General de Fondos Europeos de data 1 de outubro de 2025 concedeuse provisionalmente a senda financeira do Fondo Europeo de Desarrollo Regional aos Plans EDIL constando o Concello de Vilagarcía de Arousa entre os concellos beneficiarios, coa seguinte desagregación de cantidades:

Concello	Senda asignada FEDER	Taxa cofinanciación	Inversión pública correspondente
Vilagarcía de Arousa	3.872.912,00€	60%	6.454.853,00€

O gasto elixible a efectos de cofinanciación FEDER é, por regra xeral, o realizado e aboado entre o 1 de xaneiro de 2021 e o 31 de decembro de 2029, rematando o prazo de xustificación o 31 de marzo de 2030.

O Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra do 3 de outubro de 2025, BOPPO nº 189, publica as bases reguladoras e convocatoria do Plan Provincia Extraordinaria 2025 (Plan Extra 2025) coa finalidade de colaborar cos municipios para orientar a súa planificación de investimentos cara fins de relevancia estratéxica e atractivos que contribúan a mellorar as dinámicas demográficas e sexan investimentos públicos operativos, eficientes e transformadores.

De conformidade coas referidas bases, os concellos poderán presentar un único proxecto, para unha única actuación, aínda non executada, que deberá ser continua e coherente. Así mesmo, establécese un importe máximo que pode acadar cada concello por poboación. No caso dos concellos que teñen entre 20.001 e 50.000 habitantes, nos que se encadra o Concello de Vilagarcía de Arousa, a subvención máxima que pode conceder o organismo provincial é de 1.100.000,00€, que debe contar cunha porcentaxe mínima de financiamento por parte do concello do 30%. Non existe un límite máximo do orzamento do investimento; con todo, o límite mínimo será o 50 % da subvención máxima en cada tramo de poboación.

